



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA COÑECE AS TÚAS INSTITUCIÓN APOIADO EN VISITAS GUIADAS ÁS SEDES DA XUNTA DE GALICIA E DO PARLAMENTO DE GALICIA POR ALUMNADO DE CENTROS ESCOLARES GALEGOS DE TITULARIDADE PÚBLICA.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar co Parlamento de Galicia o instrumento convencional arriba referido, cun período de vixencia que abrangue desde o día seguinte a súa sinatura ata o 30 de xuño de 2027, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Parlamento de Galicia para a posta en marcha do programa Coñece as túas institucións correspondente ó exercicio do ano 2025, dirixido a comunidade educativa, realizando os seguintes proxectos/actividades:

- Realizar as visitas guiadas polas dependencias do Pazo do Hórreo.
- Realizar as visitas guiadas polas dependencias da Xunta de Galicia.

Esta iniciativa desenvolverase de forma conxunta pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Parlamento de Galicia.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- Que é de interese tanto para a Consellería como para o Parlamento un programa que ofrezca aos estudantes a oportunidade de coñecer o funcionamento das dúas institucións, fomentando a participación cidadá.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

Judith Fernández Novoa

